



MEMORIA EXPLICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN GALLEGA DE BANCOS DE ALIMENTOS PARA A POSTA EN MARCHA DUN PROGRAMA DE CAPTACIÓN, ADQUISICIÓN, ALMACENAMENTO E DISTRIBUCIÓN DE ALIMENTOS ENTRE AS SÚAS ENTIDADES FEDERADAS E OUTRAS ENTIDADES ASISTENCIAIS OU BENÉFICAS, NO EXERCICIO 2026

ANTECEDENTES

1. A Federación Gallega de Bancos de Alimentos (Fegaban) é unha federación integrada polos distintos bancos de alimentos que actúan na nosa comunidade. Está constituída como unha Federación sen ánimo de lucro, segundo o disposto Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e ten como fins os seguintes:
 - a) Coordinar as actividades dos bancos membros, para o cumprimento dos seus fins propios.
 - b) Potenciar os vínculos de unión entre os distintos bancos co fin de manter contactos e intercambiar información sobre as súas respectivas actividades.
 - c) Tratar de que cada un dos bancos membros desenvolven ao máximo os fins previstos nos seus estatutos.
2. Para a consecución dos fins antes mencionados, Fegaban realiza as seguintes actividades:
 - a) Representar aos bancos de alimentos federados ante toda clase de organismos públicos e privados dos ámbitos da Comunidade Autónoma de Galicia, estatal ou internacional, así como facilitar as relacións e a colaboración entre eles.
 - b) Prestar aos seus membros todos os servizos que, a xuízo da federación, poidan axudarlles a alcanzar os seus fins fundacionais e o desenvolvemento das súas actividades incluíndose aquí todo tipo de axudas tanto de índole económica como material, humana e de carácter legal.
 - c) Promover a figura dos bancos de alimentos en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, auspiciando a súa creación por todos os medios posibles como prensa, radio, TV, campañas publicitarias e outros, perseguindo así un crecemento estable e a súa prolongación no tempo.
 - d) Canalizar e distribuír aos federados as axudas globais que, en alimentos ou en forma de subvención, proveñan de calquera administración de carácter autonómico, nacional ou internacional.
 - e) Colaborar á solución dos problemas de marxinación, paro e pobreza mediante a posta en marcha dun programa de captación, almacenamento e distribución





gratuíta de excedentes de alimentos ou outros artigos de primeira necesidade a centros asistenciais e persoas necesitadas, e mediante calquera outras accións asistenciais relacionadas que as circunstancias esixan.

3. As actividades promovidas por esta federación inspiraranse nos seguintes principios fundamentais que, en calquera caso, serven de referencia á organización:
 - a) O desenvolvemento progresivo e permanente da solidariedade humana.
 - b) A fidelidade aos valores éticos.
 - c) O servizo social á comunidade, procurando alimentos e artigos de primeira necesidade, en perfecto estado de consumo, a centros asistenciais e a persoas necesitadas.
 - d) O desenvolvemento e fomento das relacións con outros bancos de alimentos e cos Federación de Bancos de Alimentos de España e outros de ámbito internacional.

Ademais destas actividades tamén pode realizar calquera outro tipo de accións económicas que faciliten o cumprimento do seu fin, podendo posuír bens e celebrar contratos, sempre que se adapten á normativa xeral e dos estatutos.

4. As actividades previstas no convenio de colaboración complementan as levadas a cabo pola Consellería de Política Social e Igualdade en materia de inserción social e polos servizos sociais básicos comunitarios para amortecer os problemas ocasionados pola marxinación, o desemprego e a pobreza mediante a posta en marcha dun programa de captación, almacenamento e distribución de alimentos. Por todo o exposto, considérase esencial o establecemento dunha colaboración para os efectos do desenvolvemento das actividades propias de Fegaban e así alcanzar os fins que serven de referencia á dita organización.

XUSTIFICACIÓN E OBOECTIVOS

1. A Federación Gallega de Bancos de Alimentos realiza un seguimento continuo das entidades ás que se reparten alimentos comprobando, en todo momento, que teñen carácter social e asistencial, sen ánimo de lucro ou benéficas, e que levan a cabo un proxecto de intervención social con calquera colectivo en risco de exclusión social. Estas entidades benéficas poden ser de consumo, como as titulares de comedores sociais, ou ben de reparto, como as Cáritas diocesanas e as parroquias.
2. É obxecto deste convenio a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e Fegaban para a posta en marcha dun programa de captación, almacenamento e distribución de alimentos entre as súas entidades federadas e outras entidades de carácter benéfico ou asistencial, legalmente constituídas con





esa finalidade, que actúen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, incluíndo tamén a adquisición dos alimentos cando a súa captación resulte insuficiente o que, en último termo, fai posible que as persoas en risco de exclusión social poidan satisfacer as súas necesidades alimenticias básicas.

3. A subscrición deste convenio mellora a eficiencia da xestión pública, contribúe á realización de actividades de utilidade pública e cumpre a lexislación de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.
4. A concesión directa da axuda prevista neste convenio xustifícase por estar recollida nominativamente na Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, que serve de base para a tramitación deste convenio, de acordo co establecido do artigo 19.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 36 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No lugar e data da sinatura dixital
O director xeral de Inclusión Social
Arturo Parrado Ponte

